

BASES E CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das axudas será o de apoiar determinadas accións de iniciación e consolidación da investigación por parte dos/as investigadores pre- e pos-doutorais do IDEGA.

SEGUNDA. Características das axudas

Tipo 1. Mobilidade internacional de estudantes de doutoramento (para obter a mención internacional): financiaranse os custes de desprazamento e aloxamento das mobilidades de investigadores en formación do IDEGA que aspiren a obter a mención internacional no seu título de doutor realizadas antes do 20 de novembro de 2026, ata un máximo de 1.500€ por mes de estadía no estranxeiro.

Tipo 2. Mobilidade internacional de persoal investigador pre- e pos-doutoral: financiaranse os custes de desprazamento e aloxamento das mobilidades de persoal investigador posdoutoral do IDEGA realizadas antes do 20 de novembro de 2026, ata un máximo de 1.500€ por mes de estadía no estranxeiro.

TERCEIRA. Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán acceder a solicitar as axudas do Tipo 1 os/as investigadores en formación do IDEGA, e as axudas de Tipo 2 os investigadores en formación do IDEGA e os/as investigadores/as pos doutorais vencellados ao IDEGA como investigadores non permanentes ou colaboradores.

CUARTA. Criterios de adxudicación das axudas

O crédito asignado para esta convocatoria é de 11.000€.

QUINTA. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes farase no correo idega@usc.gal, achegando a seguinte documentación:

- Memoria da mobilidade a realizar, especificando a súa motivación, unha breve descrición das actividades a realizar e un orzamento detallado dos gastos de viaxe e aloxamento.

SEXTA. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes poderán presentarse ata que se esgote o crédito total asignado, pero non mais tarde **do día 30 de setembro de 2026**.

SÉTIMA.- Proposta de resolución

A Dirección do Centro resolverá as solicitudes recibidas nun prazo non superior a 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da presentación, e informará por correo electrónico aos solicitantes. Os solicitantes poderán presentar solicitude de revisión da resolución mediante correo electrónico enviado a idega@usc.gal no prazo de 3 días hábiles contados dende o día seguinte ao envío da mensaxe de correo electrónico que informa da resolución.

OITAVA. Resolución, notificación e réxime de recursos

A Dirección do IDEGA ditará a resolución que poña fin ao procedemento nun prazo máximo de quince días contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicarse de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.